


Publicidade:

por **7,95 €/mes** los 3 primeros meses

Novas | Versión en español | Versión en portugués | Revista en papel | Top 100 | Nós
 Buscar en Código Cero:

As tres universidades galegas unifican os seus recursos bibliotecarios nunha mesma web

luns 20 de abril do 2009, por [Raquel Noya](#) | [Enviar por e-mail](#) | [RSS](#)



As bibliotecas das tres universidades galegas, en colaboración co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia),

veñen de lanzar un portal unificado de busca e procura de información en liña que permite acceder a tódolos seus recursos directamente dende a Rede e que contribúe favorablemente á mellora das condicións de estudo e traballo dos nosos universitarios e universitarias, en tódalas actividades científicas, docentes e de formación que precisen levar a cabo.

A plataforma **Pórtico**, que así se fai chamar a ferramenta, inclúe un metabuscador que permite organizar, diseminar, recuperar e acceder á información académica "nun ambiente

heteroxéneo" de revistas, bases de datos electrónicas, libros, catálogos bibliográficos, teses, patentes, normas, enciclopedias e outros recursos dispostos na Rede, de xeito doado e rápido.

A través de Pórtico, os usuarios poden coñecer os recursos dispoñibles na súa área de coñecemento e lanzar sobre eles consultas simultáneas, o que permite un primeiro achegamento ao seu principal tema de interese, máis en ningún caso substitúe as amplas funcionalidades de busca que ofrecen os portais e bases de datos na súa interfaz orixinal.


Asemade, a través deste motor de búsqueda, os usuarios e usuarias poden acceder a outros servizos adicionais integrados na plataforma como son o *xestor de ligazóns SFX*, que xera dinamicamente ligazóns entre os compoñentes da biblioteca dixital e permite incluso obter o texto completo, sempre que este estea dispoñible en liña. No caso de que sexa do seu interese, o usuario ou usuaria pode solicitar o exemplar a través do servizo de empréstito interbibliotecario tradicional.

Porén a principal vantaxe de Pórtico é que permite acceder dentro dun mesmo menú a servizos que antes estaban dispostos en distintas webs, facilitando así o labor de todas as persoas usuarias das bibliotecas universitarias galegas.

Na mesma sección

- Historiadores preparan unha base de datos sobre todos os represaliados galegos do franquismo
- **As tres universidades galegas unifican os seus recursos bibliotecarios nunha mesma web**
- O *malware* medrou un 200 por cen o pasado ano

Publicidade:



Revista en PDF